



FILIACIÓN E ALTA NO RÉXIME ESPECIAL DE TRABALLADORES AUTÓNOMOS

O traballador autónomo está obrigado a cotizar desde o primeiro día do mes en que inicia a súa actividade. A obrigaón subsiste mentres o traballador desenvolve a súa actividade, ata durante as situacións de incapacidade temporal, risco durante o embarazo e maternidade.

A obrigaón termina o último día do mes en que o traballador finaliza a súa actividade por conta propia, a condición de que comunique a súa baixa dentro de prazo. En caso contrario, segue obrigado a cotizar ata o último día do mes de comunicación da baixa, salvo que se xustifique o cesamento na actividade.

Lugar de tramitación

Tesourería Xeral da Seguridade Social.

Prazos

30 días naturais seguintes ao comezo da actividade.

Documentación

- > Modelo TA.1. Solicitud de afiliación á seguridade social, asignación de número de seguridade social e variación de datos.
- > Modelo TA.0521. Solicitud de alta / baixa / variación de datos no Réxime Especial de Autónomos.
- > Modelo TA.0521/AT. Solicitud extraordinaria de cobertura das continxencias profesionais no Réxime Especial de Traballadores por conta propia ou autónomos.
- > Fotocopia D.N.I. e N.I.F.
- > Alta no Imposto de Actividades Económicas.
- > Documento de asociación a Mutua de Accidentes de Trballo para cobertura de incapacidade temporal (por accidente ou enfermidade común).